

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 12 DE MAIO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Proxecto de Lei de Turismo de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto para crear e regular o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia, como órgano colexiado de carácter consultivo adscrito á Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP-0606 (C-550-O Convento-Arís- O Sartal), cunha lonxitude de 1.650 metros, a prol do Concello de Poio.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción mellora de interseccións nos pp.qq. 17+600 (O Pibidal) e 22+000 (Casanova) na LU-750, no termo municipal de Baleira (clave: LU/10/087.06).

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan de obxectivos para o ano 2011 da unidade do Corpo Nacional de Policía, adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra de actuación ambiental e de saneamento na Mirandela. A Mirandela-O Xobre. Concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña), CLAVE OH.315.1001, por importe de cento noventa e oito mil seiscientos noventa e catro euros con trinta céntimos (198.694,30 euros).
- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial da Barbanza, na Pobra do Caramiñal e Ribeira (A Coruña).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Igape para manter as condicións especiais de subsidiariedade e a autorización para superar o prazo de vixencia máximo de cinco anos na modificación de determinadas condicións nun aval concedido a *Viriato, SA* (expediente nº AV/0196).

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a modificación dos estatutos da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA), de conformidade co disposto no artigo 114.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o Plan de Formación Continua do persoal da Administración de xustiza en Galicia para o ano 2011.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o desenvolvemento normativo da Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores.
- Informe sobre circuío asistencial de trastornos aditivos.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES) cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe da redución de achegas financeiras do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño aos programas coordinados en materia de agricultura e desenvolvemento rural.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DA LEI DO TURISMO DE GALICIA, QUE MODERNIZA O MARCO LEXISLATIVO CO FIN DE ACADAR UN DESTINO TURÍSTICO ATRACTIVO, DIFERENCIADOR E COMPETITIVO

- *A nova norma, que derroga a Lei 14/2008, do 3 de decembro, ten por obxecto a planificación, ordenación, promoción e fomento do turismo como sector clave da economía galega. Modifícase a normativa turística vixente para modernizar o marco lexislativo e adecualo ás necesidades actuais do sector, coa finalidade de lograr un destino turístico atractivo, diferenciador e competitivo en servizos.*
- *A necesidade de modificar a lei resultou da celebración, no verán de 2009, do Debate do Estado do Turismo, a través do cal a Secretaría Xeral para o Turismo someteu á participación dos axentes do sector a discusión da política turística para toda a lexislatura. Este traballo en común deu como resultado o Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013 que, de entre as súas 56 liñas de actuación, establece na número 6 a necesidade da modificación normativa e a obrigatoriedade de transposición e cumprimento da Directiva Europea de Servizos de 2006, a que a presente lei non obedece.*
- *Entre os principais cambios que establece o proxecto aprobado hoxe destacan a creación do Consello do Turismo de Galicia; a elaboración do Plan de Organización Turística de Galicia, que determinará as áreas turísticas en que se organizará a Comunidade Autónoma; unha nova regulación das modalidades da actividade de aloxamento, recuperando categorías esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia; e a axilización da tramitación, adaptada á dinámica da actividade turística.*
- *O Consello Económico e Social de Galicia (CES) establece, acerca da nova lei, que pode constituír unha boa oportunidade para a conveniente adaptación, de xeito útil e eficaz, á realidade e ás demandas do sector e aos cambios normativos que se produciron nestes últimos anos.*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto da Lei do Turismo de Galicia, elaborado pola Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral para o Turismo. O proxecto de lei aprobado hoxe ten por obxecto a planificación, ordenación, promoción e fomento do turismo da Comunidade Autónoma de Galicia. A nova norma, que derroga a Lei 14/2008, do 3 de decembro, modifica a normativa turística actual para modernizar o marco lexislativo e adecualo ás necesidades que presenta a oferta e ás exixencias da demanda, coa finalidade de lograr un destino turístico atractivo, diferenciador e competitivo en servizos.

Este cambio lexislativo ten a súa base na necesidade de eliminar imprecisións conceptuais e de resolver disfuncións e lagoas na regulación dun sector clave da economía galega, ao tempo que pretende dar resposta ás demandas do sector e dos axentes sociais, recollidas no Plan de Acción do Turismo de Galicia. Do mesmo xeito,

---

o proxecto establece canles que permitan fortalecer a posición da empresa turística galega nun contorno de gran competitividade. Segundo o proxecto aprobado hoxe, a lei reforza a dimensión social do turismo que non se basea exclusivamente na súa capacidade para xerar emprego, senón que tamén fai referencia ao seu importante papel como factor de reequilibrio territorial e de cohesión social, como instrumento vertebrador do territorio.

Neste sentido, a lei procurará a diversificación e a desestacionalización da oferta turística, o impulso do turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galegas e o impulso da profesionalización do sector. Así mesmo, a lei pretende un desenvolvemento sustentable e respectuoso cos recursos propios de Galicia (natureza, paisaxe, cultura e patrimonio) e que a converte nun destino único e diferencial, baixo a marca *Galicia* como marca turística global.

### **Consenso co sector**

A necesidade de modificar a actual lei resultou da celebración do Debate do Estado do Turismo que tivo lugar no verán de 2009, a través do cal a Secretaría Xeral para o Turismo someteu á participación de todos os axentes a discusión da política turística para toda a lexislatura. Con esta metodoloxía de traballo e coa implicación de todos os axentes turísticos públicos e privados (sindicatos, asociacións representantes dos diferentes tipos de empresas turísticas, expertos, universidades, padroados provinciais...) elaborouse o *Plan de Acción Turismo de Galicia 2010-2013* que, de entre as súas 56 liñas de actuación, establece na número 6 a necesidade da modificación da lei. O obxectivo desta modificación é modernizar o marco lexislativo do sector turístico galego e adecualo ás necesidades da oferta e da demanda. A lexislación debe permitir unha tramitación rápida e adaptada á dinámica da actividade turística. Do mesmo xeito, responde á obrigatoriedade de transposición e cumprimento da Directiva Europea de Servizos de 2006, a que a presente lei non obedece.

O proceso de redacción da lei tivo un total de 3 reunións xerais, 6 reunións sectoriais, recibiu 11 alegacións tanto de institucións públicas como, sobre todo, das asociacións máis representativas do sector. A redacción do primeiro borrador xa se realizáronse tras un primeiro traballo de intercambio de impresións co sector e despois se traballou con cada subsector os capítulos ou artigos da lei que o afectarían; foi realizada posteriormente unha presentación do borrador final e quedou aberto o período público de alegacións finais.

A lei está estruturada nun título preliminar e nove títulos, que comprenden cento vinte e seis artigos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

---

### Novidades normativas

Entre os principais cambios que establece o proxecto aprobado hoxe destacan:

- Creación do *Consello do Turismo de Galicia* como órgano de asesoramento e consultivo, que pasa de ter 12 membros a un máximo de 25 para dotar o sector de maior representatividade.
- Elaboración dun *Plan de Organización Turística*, no cal se determinen as áreas turísticas en que se organizará a Comunidade Autónoma na procura da eficiencia no gasto público. Créase a denominación *Xeodestinos Turísticos*, espazos xeográficos limítrofes cunha oferta turística diferencial.
- A adecuación da lei á Directiva Europea de Servizos de 2006 permitirá eliminar obstáculos e facilitar ao empresario o desenvolvemento da súa actividade. Así, afóndase na adaptación que supuxo a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia, na procura dunha maior axilidade e seguridade xurídica e co obxectivo de responder con rapidez á demanda cambiante. Neste sentido, cabe sinalar que xa non é precisa a autorización previa da Administración para iniciar a actividade, senón que será suficiente unha declaración responsable do emprendedor que a Administración se compromete a comprobar nun período máximo de tres meses.
- A inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas non será obrigatoria, será practicada de oficio.
- Recupérase o concepto de principio de unidade de explotación. Todas as empresas de aloxamento turístico deberán exercer a súa actividade baixo este principio, que establece unha única responsabilidade empresarial na prestación dos servizos, que recaerá no titular da empresa.
- Recupérase a figura da dispensa, instrumento imprescindible para apoiar emprendedores que deciden crear establecementos turísticos en edificios antigos, recuperando o centro das cidades ou patrimonio abandonado no rural. Enténdese que deben existir medidas de discriminación positiva cando resulta arquitectonicamente imposible adaptar as edificacións ao 100 por cento aos requisitos legais da categoría en que pretenden inserirse.
- Distínguese nas empresas de intermediación entre axencia de viaxes e central de reservas.

---

- Varíase a referencia aos guías de turismo para cumprir coa directiva e evitar a intrusión. Asegúrase que o título de guía obtido en calquera comunidade autónoma serve para exercer a profesión en Galicia, e viceversa.

### **Modalidades de aloxamento e restauración**

Respecto ás diferentes modalidades da actividade de aloxamento, a nova lei recupera categorías fundamentais para o desenvolvemento turístico de Galicia e as súas potencialidades. Trátase de categorías que foran substituídas na Lei de 2008 por figuras descoñecidas no ámbito nacional e internacional. Así:

- Recupérase a figura das pensións fronte a residencias turísticas, xa que esta última denominación non ten recoñecemento no mercado turístico nacional nin internacional. Ademais, as pensións de tres ou dúas estrelas que ocupen a totalidade dun edificio, ou unha parte independizada del, poderán utilizar, para efectos da comercialización, a denominación de hostais.

- Recupéranse as categorías de hoteis-apartamento, hoteis-balneario e hoteis-talaso. Terán así consideración de produtos turísticos competitivos e salientables, non de oferta complementaria como establece a lei actual.

- Afóndase nos conceptos de apartamentos e vivendas de vacacións. Trátase de evitar que estean regulados pola Lei de Arrendamentos Urbanos se teñen uso turístico.

- Substitúense hoteis rurais por hospedaxes rurais. As hospedaxas rurais son establecementos que posúen un valor arquitectónico singular, que prestan servizo de aloxamento e que ofrecen, polo menos, dúas actividades complementarias de servizos turísticos vinculados ao medio. Non superarán as 40 prazas.

- Déixase nunha modalidade aos pazos, casas grandes e reitorais, remitíndose á Lei de Patrimonio.

- Engádesse a figura de aldeas rurais, como conxunto de máis de tres edificacións de turismo rural que formen parte dun establecemento único, e faise mención expresa aos tipos de albergues turísticos.

-Considéranse as seguintes empresas de restauración: restaurantes, cafetarías e bares. Deste xeito, os furanchos que queiran prestar servizos de restauración deberán converterse nalgunha das figuras regulamentadas (restaurantes, bares ou cafetarías). A súa razón de ser é o servizo de excedencia de colleita de viño e así poderán seguir traballando se pagan a taxa municipal correspondente. Estase a elaborar un Decreto

---

de bases que regale os mínimos destes establecementos para que, como actividade económica, non queden en baleiro lexislativa, no momento da entrada en vigor da nova Lei.

### **Desenvolvemento da lei**

Para o desenvolvemento desta lei está prevista a redacción de varios decretos específicos. Desde o 1 de abril está en vigor o *Decreto de apartamentos e vivendas turísticas* e, actualmente, está en tramitación o *Decreto de prezos e reservas*. Do mesmo xeito, xa se está a traballar nos seguintes, en comunicación directa co sector:

- Consello do Turismo de Galicia
- Declaración de municipio turístico
- Decreto de simplificación administrativa
- Campamentos de turismo
- Intermediación turística
- Declaración de festas de interese turístico
- Funcións da inspección turística
- Follas de reclamacións e libros de visitas

### **Ditame do CES**

O Consello Económico e Social de Galicia (CES) valorou, no seu ditame sobre o proxecto de Lei do Turismo de Galicia, que a Xunta de Galicia optase pola técnica normativa de promulgar un texto legal unitario e completo, evitando a dispersión normativa que se produce ao modificar parcialmente leis que continúan en vigor.

No seu ditame establece acerca da nova lei, que pode constituír unha boa oportunidade para a conveniente adaptación, de xeito útil e eficaz, da lexislación á realidade e ás demandas do sector e aos cambios normativos que se produciron nestes últimos anos. O CES apunta que, nun contexto de crise e incertezas como o que atravesamos, o sector se mantén, en termos xerais, cun apreciable grao de competencia e cunha imaxe exterior global de calidade e excelencia, que se construíu ao longo de moitos anos e que a Lei de Turismo que agora se reforma debería contribuír a manter e proxectar cara ao futuro.



---

## A XUNTA DE GALICIA APROBA EN CONSELLO A CREACIÓN DUN ÓRGANO PARA A COORDINACIÓN DA DOCENCIA CLÍNICA EN CIENCIAS DA SAÚDE

- ***No novo Consello para a Coordinación da Docencia Clínica estarán representadas por primeira vez as consellerías de Educación e Sanidade, e as tres Universidades galegas***

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e Sanidade, impulsará a colaboración de todos os axentes implicados na formación na área das Ciencias da Saúde a través da creación do Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á posta en funcionamento deste órgano, co que se pretende avanzar na senda da mellora da formación destes estudantes, afondando na colaboración entre as devanditas consellerías e as tres universidades galegas.

### **Funcións**

O Consello, que se reunirá en convocatoria ordinaria semestralmente, terá entre as súas funcións propoñer as directrices para o desenvolvemento da programación docente no eido das Ciencias da Saúde, así como o nomeamento das comisións que se encargarán da selección do persoal que colabore na docencia clínica, e propoñer o persoal que colabore nesta docencia a cada universidade.

Ademais, o Consello propondrá o recoñecemento de centros hospitalarios como hospital universitario, e emitirá informe sobre a proposta de nomeamento dos membros das comisións docentes hospitalarias que se constituirán en cada centro sanitario. Neste eido propondrá, ademais, fórmulas de coordinación entre actividades asistenciais, docentes e investigadoras, e fórmulas de organización da docencia clínica dos graos en Ciencias da Saúde.

Doutra banda, será tamén tarefa deste consello emitirá informe sobre a oferta de prazas para o ingreso nos graos en Ciencias da Saúde impartidas polas universidades do Sistema Galego de Universidades en función das necesidades asistenciais de Galicia no sector, sen prexuízo da competencia das universidades e da consellería competente en materia de ensino universitario.

Cómpre lembrar que unha das competencias xerais da formación en Ciencias da Saúde é adquirir experiencia clínica adecuada en institucións hospitalarias, centros de saúde ou outras institucións sanitarias, polo que a creación deste consello de

---

coordinación redundará nunha mellor preparación dos estudantes, o que repercutirá nun mellor sistema sanitario en beneficio de toda a sociedade galega.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL EP-0606, A PROL DO CONCELLO DE POIO

- *As rúas que pasarán a titularidade municipal son González Fernández de la Mora e Mon e a rúa O Convento, no lugar de San Xoán*
- *O cambio vén motivado porque que o citado tramo, de 1650 metros, adquiriu características netamente urbanas*
- *A partir da formalización da entrega, o concello pontevedrés encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do tramo*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial C-550-Arís-O Sartal (EP-0606), a prol do concello pontevedrés de Poio. As rúas que pasarán a ter titularidade municipal son González Fernández de la Mora e Mon e a rúa O Convento, no lugar de San Xoán. O cambio vén motivado porque o devandito tramo desta estrada dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, de 1.650 metros de lonxitude, adquiriu características netamente urbanas.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas por non daren continuidade a itinerarios ou seren treitos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado, como é o caso.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A entrega formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Cómpre recordar que o Concello de Poio solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade da estrada provincial EP-0606, e que en setembro de 2010 acordou o dito cambio a prol do concello.

---

O Concello de Poio, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.

## A XUNTA INVESTIRÁ 500.000 EUROS EN MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA LU-750 (MEIRA-O CÁDAVO) AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BALEIRA

- *O Consello da Xunta aprobou o decreto de expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora das interseccións existentes no treito de 4 quilómetros entre O Pibidal e Casanova*
- *Esta obra beneficiará os máis de 1.500 veciños de Baleira e ten un prazo de execución de seis meses*

Os veciños do concello de Baleira verán mellorada a seguridade viaria do treito entre O Pibidal e Casanova da estrada Meira-O Cádavo (LU-750). O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora de interseccións entre os puntos quilométricos 17+600 no Pibidal e o 22+000 en Casanova da LU-750. Para levar a cabo esta infraestrutura, o Goberno galego achegará case 500.000 euros.

Esta actuación ten como obxectivo principal mellorar a seguridade viaria nestes case cinco quilómetros de estrada. As actuacións previstas céntranse na creación dunha vía de servizo para ordenar o tráfico da intersección de Castiñeiras e predios estremeiros; a construción dunha senda peonil desde o pq 22+070 ao 22+230; o acondicionamento da intersección coa estrada Real; e a adecuación da sinalización e defensas da estrada LU-750 e vías do contorno para adecuala ás novas condicións.



Esta mellora nesta estrada beneficiará os máis de 1.500 veciños do concello lugués de Baleira e ten un período de execución de 6 meses.

### Plan MOVE

Desde o Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, estase a facer un importante esforzo orzamentario en seguridade viaria e conservación, que constitúen máis dun 26% do orzamento total do Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (MOVE). No ano 2011 destínanse nos

---

orzamentos da Xunta 50,1 millóns de euros para actuacións directamente relacionadas coa seguridade viaria.

---

## EDUCACIÓN DÁ RESPOSTA ÁS NECESIDADES DE FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS COS CURRÍCULOS DE FP EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB E DE APLICACIÓNS MULTIPLATAFORMA

- *O ciclo de desenvolvemento de aplicacións web é de nova creación, e permitirá formar programadores multimedia e desenvolvedores de aplicacións en contornos web*
- *O currículo de aplicacións multiplataforma vén modernizar o existente neste eido, adaptándoo ao eido do lecer electrónico*

**Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011.-** O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á adaptación dos currículos dos ciclos de grao superior en desenvolvemento de aplicacións web e desenvolvemento de aplicacións multiplataforma á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións profesionais. Deste xeito a Consellería de Educación dá resposta ás necesidades crecentes de formación no eido das novas tecnoloxías da información e a comunicación, no que existe unha gran demanda de titulados. Así, os titulados nestes ciclos formativos terán a competencia para desenvolver, implantar, documentar e manter aplicacións informáticas multiplataforma e aplicacións web, utilizando tecnoloxías e contornos de desenvolvemento específicos, garantindo o acceso aos datos de xeito seguro e cumprindo os criterios de uso e calidade exixidos nos estándares establecidos.

### Saídas profesionais

No caso do ciclo de aplicacións web, de nova creación, quen obteña o título poderá desenvolver o seu traballo na área de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web (intranet, extranet e internet), en postos de programador web ou multimedia, ou de desenvolvedor de aplicacións en contornos web. O currículo responde á evolución do emprego comercial de aplicacións web, que exige unha maior integración dos sistemas de xestión e intercambio de información baseados en tecnoloxías web, asegurando os sistemas, as transaccións e a custodia de datos.

Doutra banda, as persoas que obteñan a titulación no ciclo formativo de aplicación multiplataforma poderán exercer a súa actividade nos ámbitos da xestión empresarial e de negocio, relacións con clientes, educación, lecer, dispositivos móbiles e entretemento; aplicacións desenvolvidas e implantadas en contornos de alcance intranet, extranet e internet; e implantación e adaptación de sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes. Deste xeito o novo currículo moderniza o existente neste eido (desenvolvemento de aplicacións informáticas), adaptándoo ás novas necesidades do sector. Así, con este currículo, ademais da formación precisa para o desenvolvemento de aplicacións de xestión

---

empresarial e de negocio e de propósito xeral, dáse un importante pulo ás aplicacións destinadas ao entretemento e toda a cultura dirixida cara ao lecer electrónico, con especial importancia ás que se incorporan en teléfonos, PDA e outros dispositivos móbiles.

### **Formación en centros de traballo**

Os novos currículos inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

### **Mobilidade entre estudos**

Doutra banda, os novos currículos facilitan a mobilidade entre estudos, establecendo a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

Ademais, ábrese a posibilidade de acceder aos estudos universitarios desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior e a de validar os estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios ECTS –Sistema Europeo de Transferencia de Créditos-.



---

## A POLICÍA AUTONÓMICA APOSTA POLA ESPECIALIZACIÓN E AS NOVAS TECNOLOXÍAS NO SEU PLAN DE TRABALLO PARA ESTE ANO

- *Alfonso Rueda presentou esta mañá no Consello da Xunta un informe sobre o plan de obxectivos para 2011 deste corpo de seguridade*
- *A Xunta demanda ao Ministerio do Interior que complete o cadro de persoal ata acadar os 500 axentes*

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, presentou esta mañá no Consello da Xunta un informe sobre o plan de obxectivos para 2011 da unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma galega (UPA), a chamada Policía Autónoma, que este ano reforzará a súa aposta pola especialización e polas novas tecnoloxías.

Entre os obxectivos do corpo policial para o presente exercicio tamén se atopa potenciar a colaboración coas distintas consellerías e unidades directivas da Xunta en materias como o ambiente, os incendios forestais, patrimonio, menores e a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, entre outros.

Ademais, a Policía Autónoma tamén busca unha maior colaboración con restantes corpos policías -especialmente Corpo Nacional de Policía e Garda Civil-, especializarse en grupos operativos a través de formación específica e incorporar, no máximo posible, as novas tecnoloxías ás actividades policiais.

Para acadar este último obxectivo, a Policía Autónoma vai completar o deseño dun sistema integral de informatización, mellorará a estatística e o tratamento da información que manexa e implantará en todos os vehículos e salas de comunicación o sistema automático de localización de vehículos (xestión de frotas).

### **Máis persoal para maior eficacia**

A Xunta de Galicia reitera unha vez máis a necesidade de que se incremente o cadro de persoal da Policía Autónoma ata os 500 efectivos, e así llo seguirá reclamando ao Ministerio de Interior, para poder avanzar no despregamento territorial deste corpo coa máxima garantía de eficacia.

Actualmente, o cadro de persoal da UPA está en 361 axentes, entre os cales se inclúen 7 funcionarios en situación de segunda actividade que só poden desempeñar funcións de apoio técnico. A diminución de persoal durante o ano pasado estivo motivada polas xubilacións, solicitudes de destino no CNP fóra da propia unidade e ascensos de categoría.

---

No informe destácase que esta situación afecta especialmente a escala executiva e de subinspección, peza fundamental á hora de dirixir e coordinar o servizo policial. Por estes motivos, preocupa que o Ministerio de Interior non se mostre favorable a cubrir estas baixas con novo persoal, provocando un atranco para a mellora cualitativa do labor que desenvolve este grupo.

### **Balance de actividades 2010**

A pesar desta mingua de axentes, cómpre salientar que a eficacia da Unidade se mantivo e mesmo se superou en relación co ano anterior, especialmente nas áreas de actuación máis importantes, como poden ser a relacionada cos incendios forestais, a protección do ambiente ou a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal.

Así o demostran as cifras de 2010, entre as cales destacan as 54.632 identificacións, 10.742 inspeccións, 20.933 patrullas, 11.617 servizos de contra vixilancia e 90 detidos. Neste sentido, destacan os datos relacionados coa prevención e investigación de incendios forestais durante a tempada do Plan de Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), en que se realizaron 2.784 patrullas e houbo 53 detidos.

### **Equipo de Resposta Policial**

Por último, o informe destaca especialmente a actividade do Equipo de Resposta Policial (ERPOL), un grupo polivalente que acode como reforzo para dar resposta ás problemáticas e demandas puntuais que poidan xurdir na nosa Comunidade e que foi estruturado e dotado de novas competencias a comezos de 2010.

O ERPOL é o grupo que, entre outras actividades, colabora co Servizo de Gardacostas da Consellería do Mar nas súas actividades relacionadas co furtivismo e o marisqueo ilegal. O ano pasado estes departamentos participaron en 84 operativos conxuntos que se saldaron con 1.416 identificados, 413 denuncias, 498 vehículos rexistrados, 86 embarcacións inspeccionadas e 27 incautacións destes medios de transporte empregados en actividades ilegais.

---

## MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ AS OBRAS DE SANEAMENTO NA RÚA MIRANDELA, NA POBRA DO CARAMIÑAL, PARA CREAR UNHA REDE SEPARATIVA QUE MELLORARÁ O RENDEMENTO DA DEPURADORA

- *O proxecto autorizado hoxe polo Consello da Xunta define as actuacións necesarias para executar unha rede separativa de augas para pluviais, ampliar o largo da vía para tráfico rodado e dotala de beirarrúas nas marxes*
- *Actualmente as augas pluviais rematan na rede de saneamento, prexudicando o funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR)*
- *Cómpre sinalar que, nunha lonxitude de 285 metros, se ampliará o largo da rúa ata 5,6 metros de calzada con pavimento de aglomerado, e se construírán beirarrúas*
- *Executaranse colectores de pluviais por ambas as marxes da rúa, que se conectarán á rede de pluviais existente*
- *O prazo de execución destes traballos hidráulicos é dun ano e suporán un investimento de preto de 200.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou na súa sesión de hoxe o proxecto de saneamento da rúa A Mirandela, no concello da Pobra do Caramiñal. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, realizará unha achega económica de preto de 200.000 euros para a execución destes traballos de infraestrutura hidráulica.

Na actualidade, a rúa A Mirandela, que comunica os núcleos das Xunqueiras, A Mirandela, O Sobral e A Pontenaveira, é unha vía con firme aglomerado asfáltico de 4,5 metros de largo medio sen beirarrúas, con iluminación deficiente e gabias abertas polas dúas marxes.

Ademais, a inexistencia dunha rede separativa para recollida de augas pluviais ocasiona que gran cantidade das augas procedentes da choiva que discorren polas gabias, rematen na rede de saneamento, prexudicando o funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Pobra do Caramiñal.

O proxecto autorizado hoxe polo Goberno galego define e valora as actuacións necesarias para executar unha rede específica para pluviais, así como ampliar o largo da vía para tráfico rodado e dotala de beirarrúas nas marxes. Instalaranse bocas de rega e tubaxe no abastecemento, substituíndo a luz pública actual por unha de baixo consumo e facendo a canalización de electricidade e telefonía.

No que se refire a pluviais, executaranse colectores separativos por ambas as marxes da rúa que se conectarán á rede de pluviais existente, parte da cal verte ao río

---

Esteirón. Ademais, a rede de abastecemento completarase cun treito de 120 metros de tubaxe e instalaranse dúas bocas de rega.

Cómpre sinalar que nunha lonxitude de 285 metros se ampliará o largo da rúa ata 5,6 metros de calzada con pavimento de aglomerado e que se construirán beirarrúas nas dúas marxes.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece un prazo de execución dun ano para a finalización destas obras hidráulicas.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBOU O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA BARBANZA, NOS CONCELLOS DE RIBEIRA E A POBRA DO CARAMIÑAL

- *Ocupará unha superficie total de preto de 899.000 metros cadrados, dos cales case 468.000 serán de uso industrial*
- *O investimento previsto supera os 54 millóns de euros*
- *Prevese redactar o expediente expropiatorio en 2011 co obxectivo de licitar as obras de urbanización en 2012 e iniciar as ditas obras no mesmo ano*
- *A aprobación do proxecto sectorial só foi posible despois da modificación da Lei do solo co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de infraestruturas que inclúan no seu ámbito solo rústico de protección agropecuaria ou forestal*
- *O proxecto de parque empresarial da Barbanza elaborado pola anterior Consellería de Vivenda e Solo resultaba inviable como consecuencia da propia normativa do Goberno anterior*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe a súa aprobación ao proxecto sectorial do parque empresarial da Barbanza, o que permitirá continuar cunha actuación moi demandada na zona e que so é posible grazas ás medidas introducidas polo actual Goberno na Lei de acompañamento dos orzamentos para 2011.

O futuro parque empresarial da Barbanza asentarse en terreos dos termos municipais da Pobra do Caramiñal e Ribeira, ocupando unha superficie total de 898.845 metros cadrados, coa seguinte distribución segundo establece o proxecto sectorial:

- Superficie total do ámbito: 898.845 metros cadrados
- Superficie total industrial: 467.869 metros cadrados

O orzamento total previsto para o desenvolvemento do parque empresarial da Barbanza supera os 54 millóns de euros, coa seguinte distribución

- Orzamento total previsto: 54.108.369 euros
  - Orzamento total previsto en expropiacións: 6.015.720,03 euros
  - Orzamento total previsto en traballos técnicos, urbanización e conexións exteriores: 48.092.649 euros.

Unha vez aprobado o proxecto sectorial por parte do Consello da Xunta, prevese redactar o expediente expropiatorio en 2011 co obxectivo de licitar as obras de urbanización en 2012 e iniciar as ditas obras no mesmo ano.

---

### **Antecedentes**

O proxecto de parque empresarial da Barbanza elaborado pola anterior Consellería de Vivenda e Solo resultaba inviable como consecuencia da propia normativa do Goberno anterior.

A totalidade do ámbito deste parque empresarial tiña a cualificación de rústico de especial protección forestal, o que, ao abeiro da Lei do solo do bipartito, facía imposible o desenvolvemento dun parque empresarial neses terreos.

As medidas introducidas polo actual goberno na Lei do solo fixeron posible continuar coa tramitación do parque empresarial ata a actual aprobación do proxecto sectorial. O cambio ten como obxectivo facilitar o desenvolvemento de infraestruturas, dotacións e instalacións que inclúan no seu ámbito solo rústico de protección agropecuaria ou forestal, e sempre que concorra unha causa de utilidade pública ou de interese social que sexa prevalente.

A aplicación deste criterio é excepcional e unicamente cando o interese social da actuación que se vai desenvolver o xustifique plenamente, como é o caso do parque empresarial da Barbanza.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PRORROGA POR 6 ANOS O AVAL POR IMPORTE DE 2 MILLÓNS DE EUROS FCILITADO A VIRIATO, S.A.

- ***A empresa, cun cadro de persoal integrado por 148 traballadores, poderá completar así o desenvolvemento do seu plan de viabilidade e consolidar a súa actividade produtiva en Ordes***
- ***O importe dos avais concedidos pola Consellería de Economía e Industria durante o pasado bienio, 273 millóns de euros, superou nun 82% o balance do bienio anterior***
- ***O actual Goberno conseguiu estender a autónomos, microempresas e pequenas empresas un financiamento avalado***

A Consellería de Economía e Industria prorrogará, por un prazo adicional de seis anos, o prazo de vixencia do aval por 2 millóns de euros concedido a Viriato, S.A. para que a empresa poida completar a aplicación do seu plan de viabilidade e desenvolver a súa actividade produtiva con normalidade.

A prórroga deste aval, que autorizou o Consello da Xunta, facilitará o desenvolvemento do plan de viabilidade impulsado pola firma e contribuirá a manter o equilibrio financeiro desta empresa industrial, de grande importancia na comarca de Ordes, onde emprega un cadro de persoal integrado por 148 traballadores e subcontrata parte da produción en pequenos talleres locais.

Como consecuencia da progresiva implantación das medidas recollidas no plan de viabilidade, Viriato, S.A. está recuperando a súa rendibilidade. Así, e a pesar da grave crise que soporta o negocio téxtil en España e Europa, Viriato, S.A. mantén uns niveis de facturación estables, rexistrando mesmo un lixeiro crecemento nos últimos anos. Os niveis de resultados son tamén satisfactorios. Coa prórroga do aval, a firma prevé consolidar a súa actividade produtiva nos próximos anos.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña de avais do Igape conforma un instrumento fundamental para que as empresas galegas poidan obter financiamento para cubrir as súas necesidades de circulante, e adaptar a devolución do seu endebedamento á capacidade de reembolso na actual situación económica.

Durante os dous últimos anos o Goberno galego aprobou 1.626 operacións de aval para facilitar o financiamento, principalmente de circulante, de autónomos, microempresas, pemes e empresas. No pasado bienio, o Instituto Galego de promoción económica (Igape) concedeu ou mobilizou avais por importe de 273 millóns de euros, un 82% máis que no bienio anterior, cando se aprobaron operacións

---

por importe de 150 millóns. Os préstamos a empresas mobilizados mediante estas operacións ascenderon a 460 millóns de euros no bienio pasado, un 57% máis que no bienio anterior (293 millóns).

A multiplicación das operacións de aval aprobadas polo actual Goberno conseguiu, ademais, estender o financiamento empresarial apoiado por esta vía a autónomos, microempresas e pequenas empresas que, durante o anterior Goberno, quedaban á marxe deste tipo de apoios, reservados para as grandes empresas.

O incremento dos apoios mediante garantías habilitados pola Consellería de Economía e Industria para facilitar o acceso das empresas galegas, especialmente as pequenas e medianas, ao circulante que precisan foi especialmente significativo en 2010. Grazas á posta en marcha dos programas re-Solve+ e re-Brote, o Igape aprobou durante o pasado ano máis de 1.527 operacións de aval, fronte ás 99 de 2009; as operacións aprobadas durante o pasado ano permitiron manter 16.000 empregos nas empresas beneficiarias.



---

## A FUNGA MODIFICA OS SEUS ESTATUTOS PARA ESPECIALIZAR A SÚA ACCIÓN NA TUTELA DE ADULTOS

- ***Logo desta modificación, a Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia pasará a chamarse Fundación pública galega para a tutela de persoas adultas***
- ***As tarefas que executaba a FUNGA relacionadas con dependencia pasarán a ser asumidas pola Dirección Xeral competente nesa área, co fin de optimizar e especializar os recursos***
- ***Este cambio obedece a que a maior parte da actividade da Funga se centra nas tutelas; de feito, o número de pupilos pasou de 68 en 1997 –ano da súa creación- a 1.694 na actualidade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación dos estatutos da Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (Funga), que tras este cambio pasará a chamarse Fundación pública galega para a tutela de persoas adultas. De feito, esta modificación débese a que a Funga especializará, a partir de agora, a súa acción na asunción de cargos protectores, como é a tutela, de persoas adultas.

Cabe lembrar que á Funga lle corresponde a protección xurídica e social das persoas maiores de idade incapacitadas legalmente ou en situación de desamparo, a través do exercicio da tutela –cando se declara a incapacidade total dunha persoa- ou da curadoría – cando se declara a incapacidade parcial-; tamén asume a defensa xudicial en procesos de incapacitación, así como a administración legal do patrimonio, de ser o caso.

O cambio dos estatutos obedece á necesidade de adecuar estes á realidade e ao traballo diario desta fundación. Actualmente, a carga de traballo na área de dependencia desta fundación era moi reducida, polo que estas tarefas pasarán a ser asumidas pola dirección xeral competente nesta área.

Deste xeito, a Fundación especializarase na tutela de persoas maiores de idade, da que se prevé un crecemento importante a curto e medio prazo. Como exemplo, cabería destacar que o número de pupilos se ten incrementado considerablemente desde a creación da Funga, xa que pasou de 68 en 1997 a 1.694 na actualidade.

Por isto, a través do cambio de estatutos tamén se adaptará a estrutura interna a tal especialización; desta forma, todos os recursos se dedican á tutela de adultos. Así,

lógrose unha distribución dos recursos humanos máis eficiente e, consecuentemente, a prestación dun servizo máis adaptado ás necesidades reais.

A modificación dos estatutos permite, tamén, concretar os beneficiarios da Fundación a partir de agora e, ao mesmo tempo, adecuar os estatutos á normativa reguladora vixente.

O cambio de estatutos forma parte do Plan de Acción 2011 da Funga. O obxectivo deste plan céntrase en tres obxectivos principais: a mellora da atención ás persoas tuteladas a través da consecución dun funcionamento máis áxil e eficaz da FUNGA; a busca de actuacións que permitan acadar unha maior protección integral dos pupilos mellorando a súa atención social e aumentando a súa cobertura xurídica e patrimonial e, por último, a difusión do labor do organismo.

Xúntase cadro coa evolución das funcións tutelares desde 1997 –ano de creación da Funga- ata a actualidade

CADRO DE EVOLUCIÓN DAS FUNCIÓNS PROTECTORAS														
FUNCIÓNS TUTELES	1.997	1.998	1.999	2.000	2.001	2.002	2.003	2.004	2.005	2.006	2007	2008	2009	MAIO 2011
TUTELAS	48	108	150	191	274	344	390	541	600	682	735	833	926	1049
CURADORÍAS	0	2	3	6	14	23	30	48	55	54	62	84	105	130
D.X	12	39	70	129	161	172	180	218	192	197	241	245	275	365
ADMÓN. DE BENS	1	1	2	6	13	12	10	16	5	3	6	4	6	13
*PRETUTELAS	7	35	57	80	98	102	110	89	103	114	125	125	129	137
<b>TOTAL</b>	<b>68</b>	<b>185</b>	<b>282</b>	<b>412</b>	<b>560</b>	<b>653</b>	<b>720</b>	<b>912</b>	<b>955</b>	<b>1.050</b>	<b>1.169</b>	<b>1.291</b>	<b>1.441</b>	<b>1.694</b>

---

## A XUNTA DUPLICA A OFERTA FORMATIVA DESTINADA AO PERSOAL DE XUSTIZA PARA O ANO 2011

- ***Máis do 60% das actividades formativas serán na modalidade de teleformación***

O Consello da Xunta informou do Plan de formación continua do persoal da Administración de Xustiza en Galicia para o ano 2011, que duplica a oferta formativa con respecto ao ano 2010. Este plan de formación para o persoal de xustiza ten previsto 48 edicións, 1.870 prazas e 1.249 horas de formación.

Para 2011, están previstos dous tipos de formación diferenciada para o persoal pertencente á Administración de xustiza; por unha parte, o plan de formación anual e, por outra, o plan de formación específica para o sistema de xestión procesual Minerva.

A programación destes plans de formación atende ás necesidades formativas adaptadas aos distintos postos de traballo, de forma que se imparte unha formación práctica para todo o persoal que presta servizos na Administración de xustiza da Xunta. As accións formativas ofrecerán esa visión práctica en todas as ordes xurisdicionais: na civil, na laboral, na penal, e na xurisdición contencioso-administrativa.

Neste ano 2011 destacan actividades formativas totalmente novas, como as referidas á nova oficina xudicial, á formación sobre traballos nos servizos comúns, á organización xudicial e á execución civil. Tamén se convocarán dous cursos de lingua inglesa na modalidade de teleformación, e cursos sobre a protección de datos, certificado dixital, e-administración electrónica e seguridade da información, entre outros

O Goberno galego aposta por que a Administración de xustiza conte cuns servizos áxiles, accesibles e próximos aos cidadáns que dean resposta ás súas demandas e problemas, e para cumprir este obxectivo os empregados públicos son o principal activo, polo que desde a EGAP, en colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza, preténdese potenciar a modernización, calidade e profesionalización da Administración a través da formación e perfeccionamento dos empregados públicos.

### **Modalidade en liña**

Outro ano máis a Escola Galega de Administración Pública segue apostando por un modelo que inclúa unha ampla oferta na modalidade en liña, co fin de facilitar ao persoal de Xustiza poder compatibilizar a súa vida laboral coa familiar, ademais de

---

contribuír a eliminar aquelas dificultades que poidan existir para acceder á formación presencial, como poden ser as distancias ou os horarios.

Deste xeito, a Escola ten previsto para este ano que máis do 60% das actividades formativas serán na modalidade de teleformación, en contraposición co ano 2010, en que só o 15 % das actividades foron nesta modalidade.

---

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE REESTRUTURARÁ O MODELO DE ASISTENCIA AO USUARIO CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- *O departamento que dirixe Pilar Farjas considera que Atención Primaria, en coordinación coas unidades especializadas, debe xogar un papel máis activo no proceso de atención aos trastornos adictivos*
- *Sanidade pretende garantir a estes doentes unha asistencia sanitaria de calidade, cunha atención semellante ao resto das patoloxías*
- *Con esta iniciativa, asegúrase unha atención integral ás persoas que padecen un trastorno adictivo, facilitando o acceso dos profesionais das unidades de drogodependencias e alcoholismo á historia clínica electrónica e ás probas complementarias, implicando os profesionais de atención primaria e de saúde mental na atención continuada*
- *Preténdese unha abordaxe integral das adiccións, promovendo a coordinación cos servizos sociais para, deste xeito, facilitar e conseguir a reinserción sociolaboral*

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe abordou un informe da Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde no cal se detalla a reestruturación do modelo de asistencia ao usuario con trastornos adictivos que vai levar a cabo a Administración galega.

O departamento que dirixe Pilar Farjas considera que, desde o punto de vista asistencial, o acceso do usuario de drogas legais debe ser filtrado desde Atención Primaria, mentres que o usuario de drogas ilícitas poderá acceder directamente aos centros especializados no tratamento dos trastornos adictivos.

Con este informe que hoxe se analizou na reunión semanal do Goberno galego, Sanidade pretende asegurar unha atención sanitaria de calidade, con garantía de atención semellante ao resto de patoloxías, regulando a forma de acceso dos pacientes a esta prestación sanitaria e asegurando o seu seguimento con criterios de calidade.

En consecuencia, por medio desta reestruturación que levará a cabo o Sergas, mellorarase a asistencia a este tipo de doentes facilitando a abordaxe integral do trastorno adictivo co acceso ás probas complementarias que sexan necesarias, implicando os profesionais de atención primaria e de saúde mental na súa atención continuada, e promovendo a coordinación cos servizos sociais para, deste xeito, conseguir a reinserción sociolaboral como fin da asistencia ao doente.

As principais novidades desta medida son, pois, a integración da atención destes pacientes na rede sanitaria, facilitando ás unidades que os atenden o acceso á

---

historia clínica electrónica e á receita electrónica; a realización das probas complementarias e interconsultas necesarias; a continuidade na administración de metadona en Atención Primaria; ou a potenciación da formación e investigación conxunta cos servizos de saúde mental das áreas e de Atención Primaria. Ademais, regúlase o acceso a través do primeiro nivel asistencial, quen será quen derive estes pacientes ao segundo nivel.

En definitiva, establécese que a porta de entrada deste tipo de doentes sexa a atención primaria, coma noutras patoloxías, agás as adiccións a drogas ilícitas, que poderán acceder directamente aos centros especializados en tratamento dos trastornos adictivos.

Así mesmo, promóvese que a desintoxicación hospitalaria a substancias se faga nas unidades de hospitalización dos servizos de Psiquiatría, dentro dos programas hospitalarios de trastornos adictivos.

Esta reestructuración da atención aos trastornos adictivos enmárcase, fundamentalmente, no Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016 e da Estratexia Sergas 2014.

---

## UN TOTAL DE 140 EMPRESAS PODERÁN BENEFICIARSE DAS AXUDAS DE TRABALLO PARA FOMENTAR A CREACIÓN DE PROXECTOS INNOVADORES

- *O departamento autonómico investirá este ano máis de 1,4 millóns de euros ás subvencións destinadas ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES)*
- *O obxectivo principal da iniciativa, ademais de fomentar a creación de empresas, é xerar emprego estable no ámbito local e rural*
- *Esta liña de axudas establece unha consideración especial para as iniciativas que se constitúan no rural galego*
- *Este programa encádrase no resto de plans que a Consellería de Traballo e Benestar está a poñer en marcha para fomentar o autoemprego, unha área en que investirá ao longo de 2011 máis de 28 millóns de euros*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á convocatoria destas subvencións, que previsiblemente sairá publicada no Diario Oficial de Galicia a próxima semana*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 1,4 millóns de euros este ano ás axudas destinadas ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), das cales se poderá beneficiar un total de 140 empresas. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á convocatoria destas subvencións que sairá publicada previsiblemente no *Diario Oficial de Galicia* a próxima semana.

A finalidade destas axudas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), é promover e fomentar a creación de empresas innovadoras que sexan económica e financeiramente viables e que xeren emprego estable no ámbito local e no medio rural. Para cumprir con este obxectivo, a Xunta pon en marcha estas subvencións coas cales se poden financiar parcialmente os custos necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais previamente cualificados como iniciativas locais de emprego e que estean inscritas no rexistro administrativo habilitado para o efecto na Dirección Xeral de Promoción do Emprego e nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Esta convocatoria de axudas, ademais, establece unha consideración especial para as iniciativas que se constitúan no rural galego.

A produción de bens e servizos da empresa que concorra a estas subvencións debe estar relacionada con actividades emerxentes ou que, dentro dunha actividade tradicional da zona, cubra necesidades que na actualidade non estean recollidas na estrutura existente.

---

En concreto, poderanse solicitar estas subvencións para a creación directa de emprego estable, para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación, para apoio á función xerencial, para unha axuda financeira e, por último, para o inicio e posta en marcha da actividade.

Este programa de axudas encádrase no resto de iniciativas que a Consellería de Traballo e Benestar está a poñer en marcha para favorecer a creación de novas empresas e o emprego por conta propia das persoas desempregadas galegas. Así, o departamento autonómico destinará este ano ás axudas de fomento do autoemprego máis de 28 millóns de euros.

As empresas interesadas en optar a estas subvencións terán de prazo un mes para presentaren as súas solicitudes unha vez que a convocatoria saia publicada no DOG. Serán só subvencionables as actuacións desenvolvidas entre o 1 de xullo de 2010 e o 30 de setembro de 2011.



---

## O CONSELLO ANALIZOU OS RECORTES DO MARM E AS REPERCUSIÓNS NEGATIVAS NAS PERSPECTIVAS DE APOIO AO SECTOR AGROPECUARIO

- ***A Xunta advirte de que as agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG) poden quedar condicionadas polos recortes do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM)***

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe no Consello da Xunta un informe sobre os recortes efectuados polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM) aos fondos de agricultura e gandería. Así, para o ano 2011 o Ministerio destina a Galicia 7.956.437 de euros, unha cifra que supón unha redución global do 36% respecto ao exercicio anterior, xa que a achega extraordinaria de 3,8 millóns de euros destinada ao Plan de acción de erradicación do foco do nematodo do piñeiro non é contabilizable para estes efectos.

Tras coñecerse este luns, en Madrid, a repartición dos programas dos fondos de cooperación, a Xunta reclama que, toda vez que as achegas sufragan programas coordinados entre o Ministerio e a Xunta de Galicia, calquera redución consolidada repercute negativamente nas perspectivas de apoio ao sector agropecuario, nun momento de especial dificultade. Entende o Goberno, e así o reclama, que estes programas deberían ser obxecto dunha coordinación real coas comunidades autónomas, polo que sería adecuada a posibilidade de selección polas propias comunidades do destino de posibles achegas futuras nesta campaña.

### **Asociacionismo para a defensa sanitaria gandeira**

De particular relevancia resulta a diminución sufrida nos fondos de fomento para as agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), que poden quedar condicionadas polos recortes orzamentarios do MARM. Neste sentido, cómpre salientar que as ADSG constitúen un elemento clave na articulación da sanidade pecuaria galega. Na actualidade, as 93 agrupacións autorizadas en Galicia reúnen a práctica totalidade dos sectores porcino, avícola e cunícola e a metade do vacún, con especial significación no vacún de leite. Son, por tanto, estruturas fortemente enraizadas no tecido produtivo gandeiro.

A Consellería do Medio Rural vén demostrando nos últimos anos o seu compromiso con estas fórmulas asociativas, achegando fondos por riba da súa obriga de cofinanciamento, proporcionando ferramentas informáticas de xestión e promovendo a consolidación das asociacións con medidas indirectas. A redución da achega do MARM obriga a un importante axuste nas posibilidades de apoio ás ADSG. O esforzo orzamentario da Consellería do Medio Rural, que en 2011 asignou a este fin un total

---

de 1.875.000 euros de fondos propios, permitirá o financiamento dos técnicos que executan os programas sanitarios.

De igual relevancia é a minoración, sen precedentes e sen xustificación, nas achegas ao programa de renovación de maquinaria, que en 2011 apenas alcanza unha cifra de 136.000 euros fronte aos 1.200.000 euros de 2010. Esta redución de case o 90% coloca a liña de axuda nunha posición de extrema dificultade, por canto non só non é posible afrontar novas solicitudes, senón que nin sequera existe dispoñibilidade orzamentaria para atender compromisos de anos anteriores.

Aínda que menor en termos económicos, resulta igualmente significativa a redución no apoio ao sector lácteo, que se ve prexudicado cunha minoración de máis do 13% nas axudas de control leiteiro. Esta redución afecta principalmente a Galicia, cun sector que representa practicamente a metade do total español.

Cómpre, finalmente, resaltar que as reducións nestas partidas non se deben á existencia de remanentes financeiros, senón á carencia na asignación de fondos globais, como resulta no caso das AD SG ou no control leiteiro; ou ao cambio arbitrario nos criterios de repartición de fondos, como no caso do Programa de promoción de novas tecnoloxías (Plan Renove).